K·E

NORMAS IMPOSTAS POR SNOW

- Deben camiñar os homes diante.
- As mulleres non poden falar directamente ás figuras de autoridade, un home ten que facer de portavoz.
- Se hai discrepancias dentro do grupo, farase o que digan os homes de maior idade

NORMAS DO XOGO

- Non poden tocar ás personaxes.
- Para interactuar con elas debe estar TODO o grupo xunto e falar ordenadamente.
- Poden facerlles preguntas pero o fundamental é darlles algunha proposta útil.
- Cando o grupo faga unha proposta que poida axudar a mudar esa realidade atendendo a solucións colectivas a personaxe entregará a carta de Valor.
- Para liberar un distrito cando menos tres grupos deben pasar por el, facer as súas propostas e conseguir a Carta de Valor que lles dará a personaxe. Deben anotar os valores e propostas na súa ficha de Acordos de Novo Panem.
- Os grupos poden coordinarse para lograr o obxectivo, pero está prohibido. Snow e os Axentes da Paz poden capturalos e sometelos a "terribles torturas" se os descobren.
- Para evitar ser descubertos polos Axentes da Paz deben moverse lenta e silandeiramente.

ROL DURANTE O XOGO

Es Game Master do xogo: controlas os tempos e o bo transcorrer do xogo. Presentas o xogo e das as normas. Podes apoiarte noutras personaxes.
Nos primeiros 30 minutos de xogo asegúraste de que todos os distritos son liberados.
A partir dese momento guías aos grupos á Mansión Snow para convencer aos Axentes da Paz de que asinen os seus acordos e se unan á Resistencia. Importante que o fagan en total sixilo.
Nos seguintes 20 minutos na Mansión Snow asegúraste de que tódolos grupos conseguen asinar os Acordos.
Os últimos 20 minutos dirixes as conclusións. Cada grupo pode ler un dos valores empregados para liberar Panem. Finalmente podes empregar estas preguntas para afondar nas reflexións:
Vedes paralelismos coa vida real nalgunha das situacións?
No xogo, para combater o patriarcado precisamos estratexias, leis e dereitos que nos dean solucións colectivas, pero que facedes vós na vosa vida real ante estas situacións? Que podemos pedir a outras persoas?
Se é un grupo estable ou campa podemos aproveitar para establecer algún acordo en termos de igualdade e non discriminación.

R!

A **RESISTENCIA**

K·E

KATNISS **EVERDEEN**

En Panem, gobernada polo tiránico Presidente Snow, as normas impostas perpetúan cada vez máis as desigualdades. Dende que sobreviviu aos Xogos da Fame, Katniss Everdeen ve como estas normas resultan cada vez máis abafantes e condicionan máis e máis as vidas das e dos habitantes de Panem. As participantes, recentemente unidas á Resistencia, deben axudar aos habitantes de diferentes distritos a liberarse das imposicións de Snow. Farano suxerindo ás personaxes de cada distrito xeitos nos que se podería mudar a realidade na que viven. É importante que se amosen comprensivas, pero sobre todo que lles aporten posibles solucións colectivas. Se o conseguen pode que se unan a elas e xuntes construirán un Novo Panem.

Ademais, as persoas participantes deben ter coidado, se as descobren rompendo as normas serán apresadas e levadas ante o terrible presidente Snow.

LENTES VIOLETAS
para entidades socioeducativas

Aventeira
COOPERATIVA DE EDUCACIÓN E LECER

Deputación
DA CORUÑA

P-S

NORMAS IMPOSTAS POR SNOW

- Deben camiñar os homes diante.
- As mulleres non poden falar directamente ás figuras de autoridade, un home ten que facer de portavoz.
- Se hai discrepancias dentro do grupo, farase o que digan os homes de maior idade.
- Os grupos poden coordinarse para lograr o obxectivo, pero está prohibido. Snow e os axentes da paz poden capturalos e sometelos a "terribles torturas" se os descobren.
- Para evitar ser descubertas deben moverse lenta e silandeiramente, os Axentes da Paz non poden velas pero si escoitalas.

ROL DURANTE O XOGO

No inicio do xogo paseas polo campo de xogo, asegúrate de que nese tempo castigas a algún grupo e fas comentarios sexistas (regula a intensidade en función do perfil de participante!). Cando vexas que dous ou tres Axentes da Paz entran na Mansión Snow entras con elas. Segues aplicando castigos ás persoas participantes que son detidas. Cando a Resistencia consiga derrocarte saes detido por Axentes da Paz.

DISFRACE

Americana, chaleco e rosa branca.

R!

A **RESISTENCIA**

P-S

PRESIDENTE **SNOW**

É o presidente de Panem e goberna de xeito moi ditatorial. Cre que homes e mulleres somos diferentes por natureza, de xeito que debemos cumprir diferentes roles en Panem. Fai comentarios moi sexistas, dá medo e resulta verdadeiramente ameazante.

Cando descubre a alguén violando as normas, imponlle severos castigos:

Aos rapaces, probas físicas imposibles. Chámalles brandos e debiluchos. Tamén lles di que sendo unhas nenazas destruirán Panem.
Ás rapazas pídelles que bailen, que canten e que o entreteñan. Desprézaas constantemente con comentarios machistas e dilles que os homes de Panem merecen unha mellor recompensa polos seus esforzos e non a unhas inútiles coma elas.

LENTES VIOLETAS
para entidades socioeducativas

Aventeira
COOPERATIVA DE EDUCACIÓN E LECER

Deputación
DA CORUÑA

R

PRECISA ESCOITAR
Rue demanda cambios estruturais en Panem para que a vida das mulleres non se deba só ao traballo no campo, ás tarefas domésticas ou a coidar doutras persoas. Por tanto, precisa escoitar propostas como a redistribución equitativa das tarefas domésticas e dos coidados entre homes e mulleres dentro da familia; a creación de redes de apoio comunitarias; dispor de tempo persoal para participar en actividades de lecer, así como de tempo de descanso; ou impulsar políticas públicas que garantan os dereitos laborais e posibiliten a conciliación no sector agrícola etc.

VALOR
Coidados.

DISFRACE
Traballadora do campo, pode levar unha cesta e flores para o pelo.

LIBERACIÓN DO DISTRITO
Unha vez tres grupos teñan pasado con éxito polo teu distrito, quitas o disfrace (ideal se vas con roupa negra), pasas a actuar como Axente da Paz e diríxeste á Mansión Snow. Alí non podes ver ás persoas participantes, pero si escoitalas, se fan ruído bótalas da sala. Cando unhe participante consiga achegarse en absoluto sixilo asinarás a súa folla de Acordos e pasarás a ser aliade, e dicir, xa non enviarás as persoas participantes a facer probas con Snow, farás a vista gorda cando as escoites e colaborarás con elas. Cando tódolos grupos teñan asinados os seus acordos capturaredes xuntes a Snow.

R!

A **RESISTENCIA**

R

RUE

No Distrito 11, onde a agricultura é a principal fonte de sustento, as mulleres son forzadas a asumir todas as tarefas de coidados mentres traballan longas horas nos campos. Quéixase de que pasa todo o día traballando no campo e que, ao regresar á súa casa, debe coidar dos seus irmáns pequenos e dos seus avós enfermos, sen ningún tipo de axuda.

Ademais, está farta de ter que mediar sempre entre os seus irmáns maiores, que pasan o día discutindo; desfacer malos entendidos; consolar aos pequenos, que seguen preguntando pola súa nai; escoitar ao seu irmán cando as súas aventuras románticas non saen segundo o previsto...Rue sente que, no seu fogar, todas as responsabilidades domésticas e de coidados recaen unicamente sobre ela, e esta situación suponlle unha gran carga emocional.

LENTES VIOLETAS
para entidades socioeducativas

Aventeira
COOPERATIVA DE EDUCACIÓN E LECER

Deputación
DA CORUÑA

B

PRECISA ESCOITAR
Bonnie precisa apoio emocional e validación, sen temor a sentirse xulgada. Así mesmo, quere escoitar propostas relacionadas coa creación de leis e outras ferramentas (por exemplo, protocolos de actuación no eido laboral) que persigan o acoso e outras formas de violencia sexual. Outra proposta tamén podería ser a introdución da educación afectiva e sexual nos plans formativos dos centros educativos de Panem para abordar cuestións como o consentimento sexual, as relacións de parella saudables e a prevención das diferentes formas de violencia machista.

VALOR
Consenso.

DISFRACE
Costureira, pode levar varias telas, tesoiras e carretes de fío ou varios vestidos nunha percha.

LIBERACIÓN DO DISTRITO
Unha vez tres grupos teñan pasado con éxito polo teu distrito, quitas o disfrace (ideal se vas con roupa negra), pasas a actuar como Axente da Paz e diríxeste á Mansión Snow. Alí non podes ver ás persoas participantes, pero si escoitalas, se fan ruído bótalas da sala. Cando unhe participante consiga achegarse en absoluto sixilo asinarás a súa folla de Acordos e pasarás a ser aliade, e dicir, xa non enviarás as persoas participantes a facer probas con Snow, farás a vista gorda cando as escoites e colaborarás con elas. Cando tódolos grupos teñan asinados os seus acordos capturaredes xuntes a Snow.
.

R!

A **RESISTENCIA**

B

BONNIE

Traballa nunha fábrica téxtil do Distrito 8, que na súa maioría confecciona traxes e vestidos luxosos para o Capitolio. Unhas semanas atrás, un dos xefes da fábrica chamouna coa escusa de probar uns vestidos. O seu xefe fíxolle varias insinuacións noxentas e tocoulle o pescozo dun xeito que a fixo sentir "sucia". Conseguiu saír a trancas e barrancas poñendo escusas, pero dende entón aterrorízalle volver a atoparse a soas con el... Algunhas das compañeiras decatáronse de que o xefe a busca constantemente e comezan a contar por aí que seguro que se deitan. Hoxe unha delas chamouna zorra.

Por se fora pouco, o mozo de Bonnie está moi pesado, non deixa de apremala para deitarse xuntos, pero Bonnie non se sente preparada e, con todo o que está a pasar, a idea "pona enferma". Onte o seu mozo díxolle que xa esperara demasiado por ela, que estaba claro que non o quería e que estaba fartándose de que fose unha estreita. Ela está farta de sentirse xulgada e presionada.

LENTES VIOLETAS
para entidades socioeducativas

Aventeira
COOPERATIVA DE EDUCACIÓN E LECER

Deputación
DA CORUÑA

C

PRECISA ESCOITAR
Cato quere escoitar solucións para que os nenos de Panem non se sintan obrigados a poñer en risco as súas vidas só para amosar a súa forza e valentía, nin a converterse en fríos e insensibles Axentes da Paz. A Cato non lle serven as solucións individuais, polo que espera escoitar propostas baseadas no fomento dun modelo de masculinidade igualitaria, no cuestionamento dos roles e estereotipos de xénero tradicionais entre a comunidade de Panem, e na introdución da educación emocional nos centros educativos.

VALOR
Prudencia.

DISFRACE
Pode levar roupa militar ou de policía.

LIBERACIÓN DO DISTRITO
Unha vez tres grupos teñan pasado con éxito polo teu distrito, quitas o disfrace (ideal se vas con roupa negra), pasas a actuar como Axente da Paz e diríxeste á Mansión Snow. Alí non podes ver ás persoas participantes, pero si escoitalas, se fan ruído bótalas da sala. Cando unhe participante consiga achegarse en absoluto sixilo asinarás a súa folla de Acordos e pasarás a ser aliade, e dicir, xa non enviarás as persoas participantes a facer probas con Snow, farás a vista gorda cando as escoites e colaborarás con elas. Cando tódolos grupos teñan asinados os seus acordos capturaredes xuntes a Snow.

R!

A **RESISTENCIA**

C

CATO

O Distrito 2 é coñecido por formar aos Axentes da Paz de Panem. Os mozos son obrigados a adestrar dende nenos e a superar probas de valentía para demostrar a súa forza e ocultar o medo e a vulnerabilidade. Os seus amigos rétano constantemente a facer cousas que o aterrorizan, como correr diante das vías do tren cando pecha a barreira, saltar dende os cantís ao mar... Cando beben, os seus compañeiros non paran de meterse en liortas e teñen unha actitude moi imprudente. Cando Cato lles pide que sexan máis sensatos eles búrlanse chamándoo nenaza. As súa nai e irmás viven co corazón nun puño e Cato comeza a entender moi ben cando a súa nai lle di: "Mentres os homes xogan á guerra, as mulleres choran os mortos...".

LENTES VIOLETAS
para entidades socioeducativas

Aventeira
COOPERATIVA DE EDUCACIÓN E LECER

Deputación
DA CORUÑA

C

PRECISA ESCOITAR
Cale precisa escoitar propostas relacionadas coa atención á saúde mental das persoas que habitan en Panem. Por tanto, espera que se lle propoña a creación dunha rede de recursos e/ou servizos de apoio psicolóxico accesibles e de calidade, a difusión de campañas de sensibilización para visibilizar a importancia de coidar a nosa saúde mental etc.

VALOR
Saúde mental.

DISFRACE
Pescador, pode levar un pao cun fío a modo de caña e un cubo para os peixes.

LIBERACIÓN DO DISTRITO
Unha vez tres grupos teñan pasado con éxito polo teu distrito, quitas o disfrace (ideal se vas con roupa negra), pasas a actuar como Axente da Paz e diríxeste á Mansión Snow. Alí non podes ver ás persoas participantes, pero si escoitalas, se fan ruído bótalas da sala. Cando unhe participante consiga achegarse en absoluto sixilo asinarás a súa folla de Acordos e pasarás a ser aliade, e dicir, xa non enviarás as persoas participantes a facer probas con Snow, farás a vista gorda cando as escoites e colaborarás con elas. Cando tódolos grupos teñan asinados os seus acordos capturaredes xuntes a Snow.

R!

A **RESISTENCIA**

C

CALE

Vive no distrito 4 onde a maioría de homes dedícanse á pesca. Recentemente o seu pai tivo un accidente grave e xa non pode valerse por si mesmo nin traballar. Está moi triste e ten moito medo porque non sabe como vai saír adiante a súa familia e non deixan de dicirlle que agora el é o cabeza de familia. Como non quere que a súa nai e irmáns o vexan mal, pasa moito tempo fóra de casa pescando e apañando miñoca para vender. A súa nai agradécelle que traia comida a casa, pero non deixa de dicirlle que precisan que estea máis presente, axudando a coidar do seu pai e apoiándose as unhas nas outras. El non é capaz de xestionar o feito de estar triste e ver sufrir á súa familia, así que remata enfadándose coa súa nai. Chámalle pesada e dependente, e dille que el xa fai suficiente. Está moi arrepentido, pero non é capaz de pedir perdón. Precisa falar con alguén, pero os seus amigos só falan de caza e das novas sobre a Rebelión. Cando alguén intenta falar de problemas persoais, quítanlle ferro e pasan rápido a outro tema. Sente que se segue así vai tolear.

LENTES VIOLETAS
para entidades socioeducativas

Aventeira
COOPERATIVA DE EDUCACIÓN E LECER

Deputación
DA CORUÑA

E

PRECISA ESCOITAR
Effie precisa escoitar que os estándares de beleza promovidos a través de redes sociais e doutros medios de comunicación son irreais e, por tanto, inalcanzables. Así mesmo, espera que se lle propoñan accións relacionadas coa regulación dos estándares de beleza que promoven as redes sociais (por exemplo, diversificar a representación de corpos ou etiquetar as imaxes retocadas dixitalmente); coa regulación da industria da moda e a cosmética (por exemplo, esixir o desenvolvemento de campañas publicitarias inclusivas ou aplicar restricións a produtos que promovan dietas extremas e/ou tratamentos invasivos); ou coa educación en aspectos clave como a presión estética, a autoestima, a diversidade corporal e a saúde mental.

VALOR
Autoestima.

DISFRACE
Pode levar perruca, diadema, moitos colares e vestido.

LIBERACIÓN DO DISTRITO
Unha vez tres grupos teñan pasado con éxito polo teu distrito, quitas o disfrace (ideal se vas con roupa negra), pasas a actuar como Axente da Paz e diríxeste á Mansión Snow. Alí non podes ver ás persoas participantes, pero si escoitalas, se fan ruído bótalas da sala. Cando unhe participante consiga achegarse en absoluto sixilo asinarás a súa folla de Acordos e pasarás a ser aliade, e dicir, xa non enviarás as persoas participantes a facer probas con Snow, farás a vista gorda cando as escoites e colaborarás con elas. Cando tódolos grupos teñan asinados os seus acordos capturaredes xuntes a Snow.

R!

A **RESISTENCIA**

E

EFFIE

No Capitolio, onde a moda e a aparencia física son obsesións, as mozas seguen estritas rutinas de beleza que aprenden nas redes sociais.

Effie enfróntase á presión de manter unha imaxe perfecta segundo os estándares do Capitolio, cunha rutina de coidados de pel, maquillaxe, manicura e dietas rigorosas. Non é capaz de mirarse no espello sen a súa perruca de rizos, o seu maquillaxe e as súas pestanas postizas. Cada día inviste máis de dúas horas en "arranxarse" e non se atreve a saír á rúa ou compartir fotografías súas "ao natural". Tamén recoñece que ten unha relación problemática coa alimentación. Cre que ninguén a quererá nunca por como é, aínda que é consciente de que as redes sociais e os modelos de beleza amosados na televisión teñen un impacto negativo na súa autoestima.

LENTES VIOLETAS
para entidades socioeducativas

Aventeira
COOPERATIVA DE EDUCACIÓN E LECER

Deputación
DA CORUÑA

P

PRECISA ESCOITAR
Peeta precisa escoitar que as persoas ás que segue en redes sociais adican a súa vida ao deporte e que os produtos de musculación que está a empregar son perigosos para a súa saúde. Así mesmo, espera que se lle propoña a regulación e/ou persecución da venda deste tipo de produtos; realizar campañas de sensibilización en Panem ou introducir nos plans formativos dos centros educativos cuestións relacionadas coa alimentación, o culto á imaxe corporal, a presión estética e a aceptación da diversidade corporal.

VALOR
Autoaceptación.

DISFRACE
Pode levar roupa deportiva, bote de batido, tupper coa súa comida dietética, banda elástica de adestramento, cinta para a suor...

LIBERACIÓN DO DISTRITO
Unha vez tres grupos teñan pasado con éxito polo teu distrito, quitas o disfrace (ideal se vas con roupa negra), pasas a actuar como Axente da Paz e diríxeste á Mansión Snow. Alí non podes ver ás persoas participantes, pero si escoitalas, se fan ruído bótalas da sala. Cando unhe participante consiga achegarse en absoluto sixilo asinarás a súa folla de Acordos e pasarás a ser aliade, e dicir, xa non enviarás as persoas participantes a facer probas con Snow, farás a vista gorda cando as escoites e colaborarás con elas. Cando tódolos grupos teñan asinados os seus acordos capturaredes xuntes a Snow.

R!

A **RESISTENCIA**

P

PEETA

Foi campión do distrito 12 nos Xogos da Fame xunto a Katniss, pero sente a presión de querer acadar un corpo de culturista. Frustrado por non poder acadar un corpo de InstaFit, a pesar do moito que se esforza, remata facendo uso de suplementos e outras substancias para aumentar a súa musculatura. Ademais de estar a investir moitas horas en ximnasio e seguir unha estrita dieta que o fai moi infeliz, nota que os suplementos comezan a sentarlle mal: cáelle o pelo e médralle pelo onde antes non tiña, está sempre de mal humor... Ademais, está enfadado porque ninguén lle advertiu acerca dos posibles efectos secundarios.

LENTES VIOLETAS
para entidades socioeducativas

Aventeira
COOPERATIVA DE EDUCACIÓN E LECER

Deputación
DA CORUÑA

C

PRECISA ESCOITAR
Corinne precisa escoitar propostas que impliquen cambios estruturais, tales como a creación de políticas e sistemas de avaliación que garantan a igualdade laboral e loiten contra a discriminación por razón de xénero neste eido. Nos centros educativos de Panem tamén se podería educar en materia de igualdade entre homes e mulleres para eliminar roles e estereotipos de xénero tradicionais, así como visibilizar a mulleres referentes en STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas).

VALOR
Igualdade.

DISFRACE
Informática, pode levar gafas grandes, tablet ou outra ferramenta.

LIBERACIÓN DO DISTRITO
Unha vez tres grupos teñan pasado con éxito polo teu distrito, quitas o disfrace (ideal se vas con roupa negra), pasas a actuar como Axente da Paz e diríxeste á Mansión Snow. Alí non podes ver ás persoas participantes, pero si escoitalas, se fan ruído bótalas da sala. Cando unhe participante consiga achegarse en absoluto sixilo asinarás a súa folla de Acordos e pasarás a ser aliade, e dicir, xa non enviarás as persoas participantes a facer probas con Snow, farás a vista gorda cando as escoites e colaborarás con elas. Cando tódolos grupos teñan asinados os seus acordos capturaredes xuntes a Snow.

R!

A **RESISTENCIA**

C

CORINNE

No Distrito 3, coñecido polos avances tecnolóxicos, Corinne traballa, durante longas xornadas, programando sistemas de seguridade para o Capitolio. Aínda que ten un gran talento, os seus compañeiros de traballo homes cuestionan constantemente as súas habilidades, facéndolle "suxestións" innecesarias ou asumindo que precisa axuda para calquera tarefa técnica. Por se non fose suficiente, o seu supervisor fixo comentarios machistas insinuando que os homes están máis capacitados para desenvolver este traballo, e que debeu gañar o título de enxeñeira facendo favores... Sente que non ten forma de demostrar o seu valor porque o seu xefe sempre ve primeiro o seu xénero e non valora os seus coñecementos e habilidades.

LENTES VIOLETAS
para entidades socioeducativas

Aventeira
COOPERATIVA DE EDUCACIÓN E LECER

Deputación
DA CORUÑA

E

PRECISA ESCOITAR
Elio precisa escoitar que expresar as nosas emocións non é un síntoma de debilidade, senón unha fortaleza. Así mesmo, espera escoitar accións baseadas no fomento dun modelo de masculinidade igualitaria, no cuestionamento dos roles e estereotipos de xénero tradicionais entre a comunidade de Panem e na tolerancia cero cara calquera forma de violencia LGTBIfóbica.

VALOR
Sensibilidade.

DISFRACE
Leñador, pode levar roupa sinxela, caderno de poesía e unha pluma ou lapis.

LIBERACIÓN DO DISTRITO
Unha vez tres grupos teñan pasado con éxito polo teu distrito, quitas o disfrace (ideal se vas con roupa negra), pasas a actuar como Axente da Paz e diríxeste á Mansión Snow. Alí non podes ver ás persoas participantes, pero si escoitalas, se fan ruído bótalas da sala. Cando unhe participante consiga achegarse en absoluto sixilo asinarás a súa folla de Acordos e pasarás a ser aliade, e dicir, xa non enviarás as persoas participantes a facer probas con Snow, farás a vista gorda cando as escoites e colaborarás con elas. Cando tódolos grupos teñan asinados os seus acordos capturaredes xuntes a Snow.

R!

A **RESISTENCIA**

E

ELIO

No Distrito 7, famoso polas súas densas forestas e traballos de corte de madeira, Elio é un mozo sensible que sempre preferiu a poesía e a música ao traballo físico coas árbores. Gústalle falar abertamente dos seus sentimentos e compartir as súas emocións, pero isto converteuno no branco de burlas por parte dos seus compañeiros. Chámano brando, débil e maricón, ridiculizándoo por non encaixar no que eles consideran como masculinidade tradicional. Elio intenta ignorar estes comentarios ofensivos, pero se sente cada vez máis só e inseguro. Ultimamente, deixou de escribir poesía e xa non fala coas súas amigas máis próximas porque teme ser xulgado.

LENTES VIOLETAS
para entidades socioeducativas

Aventeira
COOPERATIVA DE EDUCACIÓN E LECER

Deputación
DA CORUÑA

L

PRECISA ESCOITAR
A dor de Lira é válida e debe ser escoitada. Tamén precisa solucións a este problemática estrutural, polo que espera escoitar medidas como o financiamento público para que se investiguen doenzas con maior prevalencia nas mulleres, máis presenza de doutoras e investigadoras mulleres e formación específica para que o sistema médico non ignore as doenzas que afectan de maneira diferente ou específica aos corpos femininos.

VALOR
Saúde.

DISFRACE
Transportista, pode levar chaleco reflector, pano para a cabeza e caderno para anotar os seus síntomas.

LIBERACIÓN DO DISTRITO
Unha vez tres grupos teñan pasado con éxito polo teu distrito, quitas o disfrace (ideal se vas con roupa negra), pasas a actuar como Axente da Paz e diríxeste á Mansión Snow. Alí non podes ver ás persoas participantes, pero si escoitalas, se fan ruído bótalas da sala. Cando unhe participante consiga achegarse en absoluto sixilo asinarás a súa folla de Acordos e pasarás a ser aliade, e dicir, xa non enviarás as persoas participantes a facer probas con Snow, farás a vista gorda cando as escoites e colaborarás con elas. Cando tódolos grupos teñan asinados os seus acordos capturaredes xuntes a Snow.

R!

A **RESISTENCIA**

L

LIRA

No Distrito 6, onde o transporte é a principal actividade, Lira traballa como condutora de longa distancia, pasando horas ao volante para levar cargas ás zonas máis afastadas de Panem. Dende hai meses sofre cefaleas, durme mal e ten unha sensación de fatiga crónica que lle dificulta realizar o seu traballo.

Cando foi á clínica do Distrito, o médico despachouna dicíndolle que os seus síntomas están relacionados co estrés. Recomendoulle “descansar máis”, aínda que o seu traballo non lle permite facelo. Non se molestou en facerlle ningunha proba médica. Porén, Lira comezou a investigar pola súa conta e descubriu que moitas mulleres do Distrito 6 padecen síntomas similares, pero non hai datos nin investigacións que o confirmen. Sente rabia porque os problemas de saúde que afectan en maior medida ás mulleres non son unha prioridade para o sistema médico de Panem e pensa que, se esta afección fora máis habitual nos homes, xa existirían solucións.

LENTES VIOLETAS
para entidades socioeducativas

Aventeira
COOPERATIVA DE EDUCACIÓN E LECER

Deputación
DA CORUÑA